



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Saída Nº. 200900000960  
20/01/2009 11:08:58

Os artigos 55 e 69 da Lei Orgánica de Universidades dispón que tanto o Goberno como as CC.AA. poderán establecer retribucións adicionais ligadas a méritos docentes, investigadores e de xestión para o persoal docente e investigador polo exercicio de actividades e dedicación docente, formación docente, investigación, desenvolvemento tecnolóxico, transferencia do coñecemento e xestión.

O artigo 57 da mencionada Lei Orgánica de Universidades establece que o acceso aos corpos de funcionarios docentes esixirá a previa obtención dunha acreditación nacional que valorando os méritos e competencias dos aspirantes, garantice a calidade na selección do profesorado funcionario.

Os artigos 12 e 13 do Decreto 1312/2007, de 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios, regulan os requisitos e as xustificacións dos méritos necesarios para obter a acreditación.

Coa finalidade de establecer un procedemento máis áxil que facilite ao persoal docente e investigador solicitar as certificacións correspondentes aos seus méritos, esta Reitoría RESOLVE,

Primeiro. O persoal docente e investigador poderá solicitar as certificacións acreditativas dos seus méritos nunha única oficina que será a da Secretaría Xeral.

Segundo. As certificacións que se poderán solicitar nesta única oficina serán:

- a) As precisas para a obtención da acreditación nacional para poder acceder aos corpos docentes universitarios.
- b) As precisas para a obtención da avaliación positiva da súa actividade por parte da ANECA ou órgano de avaliación externa que a lei da C.A. determine para poder ser contratado como Profesor Axudante Doutor.
- c) As precisas para a obtención da avaliación positiva da súa actividade por parte da ANECA ou órgano de avaliación externa que a lei da C.A. determine para poder ser contratado como Profesor Contratado Doutor
- d) As precisas para a obtención das retribucións adicionais ligadas a méritos docentes, investigadores e de xestión establecidas polas CC.AA. e o Goberno.

Terceiro. Soamente se poderán solicitar na oficina da Secretaría Xeral as certificacións que deban expedir as vicerreitorías, o Servizo de P.D.I., o Servizo de Alumnado e a Secretaría Xeral.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Cuarto. O persoal docente e investigador deberá especificar claramente na súa solicitude o que desexa lle sexa certificado así como o servizo ou vicerreitoría que deba expedilo, así como a dirección á que lle deban ser remitidas as certificacións.

Quinto. A solicitude poderá presentarse no rexistro xeral ou nos rexistros auxiliares e deberá dirixirse á Secretaría Xeral da Universidade. Tamén poderá solicitarse por correo electrónico á seguinte dirección: [nexeral@uvigo.es](mailto:nexeral@uvigo.es).

Sexto. A Secretaría Xeral enviará ao servizo ou vicerreitoría/s a solicitude de emisión de certificación.


Unha vez expedidas a certificacións, o servizo e/ou Vicerreitoría/s as remitirán á Secretaría Xeral.

Recibidas todas as certificacións a Secretaría Xeral as enviarán ao interesado.

Vigo, 19 de xaneiro de 2009

O REITOR

Alberto Gago Rodríguez



- Sres. Vicerreitores/as
- Sra. Secretaria Xeral
- Sres/as Decanos/as e Directores/as de Departamentos
- Sr. Xefe do Servizo de Persoal Docente e Investigador
- Sr. Xefe do Servizo de Alumnado

En relación á R.R. de data 19 de xaneiro de 2009 sobre a solicitude por parte do PDI das Certificacións dos seus méritos a través da Secretaría Xeral, faise a seguinte aclaración:

Tendo en conta que as certificacións ás que se refire dito escrito son elaboradas polos Vicerreitorados ou Servizos indicados e asinadas pola Secretaria Xeral, NON PROCEDE a solicitude á Secretaría Xeral das certificacións de DOCENCIA que na actualidade son elaboradas polos Departamentos e asinadas pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, polo que ditas certificacións deberán seguir solicitándose nos departamentos correspondentes. Prégase que se de publicidade deste escrito a todos os profesores dese Departamento.

A Secretaria Xeral

Esther González Pillado